



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Mesa de Contratación. Constitúese a Mesa de Contratación integrada polas seguintes persoas:

Francisco Cacharro Gosende (presidente)
Gonzalo Alonso Álvarez (vogal Intervención)
Juan Ramón Costas Núñez (vogal Asesoría xurídica)
José Javier Rivera Martínez (vogal/secretario)

Previa convocatoria ao efecto, constitúese a Mesa de contratación ás 09:00 horas do 23/11/2023, nas dependencias do Servizo de Contratación, para tratar, entre outros, os seguintes asuntos da ORDE DO DÍA:

1. Dar conta á Mesa do informe do arquitecto municipal para a valoración dos criterios sometidos a xuízo de valor e, no seu caso, adopción dos acordos que procedan, correspondente á seguinte licitación:

— CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO E CON MÚLTIPLES CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DA REDACCIÓN DO PROXECTO, A EXECUCIÓN DAS OBRAS E A DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA A CONSTRUCCIÓN E URBANIZACIÓN DO DENOMINADO “PARQUE COTO DE CANEDO”, QUE INCLÚE ESPAZOS LIBRES, PARQUE PÚBLICO, APARCAMENTO PÚBLICO SOTERRADO, E PISCINA, SITUADO NO SU-32, ZONA 2 DO P.X.O.U. DE 1986, INTERIOR DA MAZÁ FORMADA POLAS RÚAS SAN ROSENDO, SAN FROILÁN, AVDA DAS CALDAS, AVDA. BASILIO ÁLVAREZ, VICTORIA KENT E JESÚS POUSA RODRÍGUEZ (Expte. nº 2022040924)

2. Rogos e preguntas

3. Aprobación da acta da sesión

Dáse conta á Mesa do informe asinado polo arquitecto municipal, de data 20/11/2023 (CÓDIGO CSV:IOYK95J20HME05F7), requirido pola Mesa na sesión de 10/10/2023, sobre avaliación das ofertas consonte aos criterios sometidos a xuízo de valor, correspondentes á contratación da redacción do proxecto, a execución das obras e a dirección facultativa para a construción e urbanización do denominado “Parque Coto de Canedo”, que inclúe espazos libres, parque público, aparcamento público soterrado, e piscina, situado no SU-32, zona 2 do P.X.O.U. de 1986, interior da mazá formada polas rúas San Rosendo, San Froilán, avda. das Caldas, avda. Basilio Álvarez, Victoria Kent e Jesús Pousa Rodríguez (Expte. nº 2022040924).

A Mesa acepta o informe técnico, que se publicará conxuntamente coa acta a efectos de motivación, e acorda por unanimidade atribuír, polas razóns que se expresan no propio informe, as seguintes valoracións ás ofertas admitidas na licitación:

Nº	Licitadores	A-Memoria técnica descriptiva e xustificativa	B-Memoria técnica construtiva, ambiental e de programación e execución das obras	C- Reducións documentación gráfica	Puntos
1	Petrolam Infraestructuras SL	19,70	18,00	-0,60	37,10
2	Oreco Balgón SA	8,45	10,60	-3,80	15,25
3	UTE Extraco, Construccións e Proxectos SA (60%)-Coviastec SL (40%)	4,95	12,95	-3,20	14,70





Concello de
OURENSE

SERVIZO DE CONTRATACIÓN

Praza de San Martiño, nº 2 -1
32005-Ourense
Tfno. 988 269 333
e-mail: contratacion@ourense.es

As proposicións de Oreco Balgón SA e UTE Extraco, Construcións e Proxectos SA (60%)-Coviaslec SL (40%) non acadan a puntuación mínima esixida nin no criterio A-Memoria técnica descritiva e xustificativa (15 puntos) nin na valoración global das memoria (25 puntos), sendo a consecuencia prevista no artigo 8 do PCAP a exclusión dos licitadores.

De conformidade co disposto no artigo 8 do Prego de cláusulas administrativas particulares, artigo 146.3 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, e artigo 22.1 d) do RD 817/2009, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, a Mesa acorda:

Excluír á empresa Oreco Balgón SA ao non ter acadado a puntuación mínima esixida (25 puntos) na parte técnica.

Excluír á UTE Extraco, Construcións e Proxectos SA (60%)-Coviaslec SL (40%) ao non ter acadado a puntuación mínima esixida (25 puntos) na parte técnica.

Non habendo rogos nin preguntas, a presidencia dá por concluído o acto.

A presente acta formalízase coa consideración de documento administrativo público aos efectos do previsto no artigo 26 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sendo asinada sen unidade de acto polas partes mediante firma electrónica ao abeiro do previsto no artigo 10 do mesmo texto legal.

Ourense, na data da sinatura electrónica.

